

ORDENANZA FISCAL NUMERO T3

Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal. Feito impoñible.

De conformidade có previsto no artigo 57, en relación có artigo 20.1 A), ambos do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, do 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveitaen especialmente o dominio público local en beneficio particular mediante a ocupación de terreos de uso público para a entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, obtiveran ou non a concesión, autorización ou licenza municipal preceptiva.
2. Terán a condición de substitutos do contribuinte os propietarios das fincas e locais a que den acceso ditas entradas de vehículos, ós que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, tal e como autoriza o artigo 23.2 d) da Lei de Facendas Locais.
3. Serán responsables da debida tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:

a) Solidariamente as persoas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

b) Subsidiariamente as persoas a que se refiere o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 3º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante de aplicar unha das seguintes tarifas, nas que o elemento temporal, agás que se indique outro distinto, é o ano natural:

***Tarifa primeira.**

- a) Entrada de vehículos en cocheiras particulares, con prohibición de aparcamento, ata dúas prazas: 45,00 euros.
- b) Entrada de vehículos en cocheiras particulares, con prohibición de aparcamento cando excede de dúas prazas: 120,00 euros e por cada praza mais: 12,00 euros por praza.

***Tarifa segunda.**

-Entrada a garaxes e locais, de aluguer ou mediante prezo, con ou sen modificación de rasante, 140,00 euros e por cada praza máis 25,00 euros por praza.

***Tarifa terceira.**

-Entrada a locais para venda, exposición ou reparación de vehículos, lavado ou engrase con ou sen modificación de rasante, 140,00 euros.

***Tarifa cuarta.**

- Entrada a locais comerciais ou industriais, para carga ou descarga de mercancías, con ou sen modificación de rasante, 140,00 euros.

***Tarifa quinta.**

-Reserva de espazos en vías e terreos de uso público para carga e descarga de mercancías, materiais varios, etc. 30,00 euros metro lineal, fixándose o ancho polos servizos técnicos municipais en proporción ó que teña a rúa e cun horario máximo de dúas horas diarias. Cando se trate de reserva temporal por mudanzas, etc. previa petición ó Concello, 6,00€/hora.

Esta tarifa non será de aplicación nos supostos da Ordenanza T2 senon para carga e descarga de mercancías, mobles, mudanzas, e traballos e non para materias de construción que se aplicará a T2.

***Tarifa sexta. Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento:**

1. Uso exclusivo para hoteis, restaurantes ou outras entidades ou particulares 30,00 euros por metro lineal ó mes.
2. Paradas de liñas de servizos regulares interurbanos de transportes colectivos de viaxeiros (reserva de espazo público para principio ou final), servizos discrecionais de excursións, axencias de turismo, etc. 70,00 euros por metro lineal ó mes.
3. Parada de taxis, na Praza de España, cunha ocupación de 26 mts. lineais, 30,00 euros por metro lineal ó ano.

*Tarifa séptima. Ocupación de espazo público para aparcadoiro público na plaza colindante coas antigas instalacións da Empresa Ribadeo, 400,00 euros por plaza/ano.

2. No caso de que a utilización privativa ou o aproveitamento especial se adxudique por procedementos de licitación pública o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a concesión, autorización ou adxudicación, sen prexuízo de canto dispoñen os números 3 e 4 seguintes.
3. Ós efectos de xestión da taxa regulada por esta Ordenanza.
 - a) Considerarase modificación de rasante da beirarrúa toda aquela que supoña alteración da liña de rasante, ben sexa na súa totalidade do plano superior ou na arista exterior de dita beirarrúa, comprendendose ós efectos os regos e desniveis, rebaixas de altura, etc. e en xeral toda modificación do aspecto exterior das zonas de beirarrúa.
 - b) A taxa aplicarase tanto á modificación da rasante das beirarrúas construídas polo Concello como se se trata de beirarrúas construídas por particulares, toda vez que o pago deste aproveitamento está motivado pola molestia que ocasiona ó transeunte dita modificación da rasante e polo beneficio que obtén o usuario. Polo tanto, tamén procederá a aplicación do prezo público, aínda cando a rúa careza de beirarrúa se a rasante se atopa modificada na parte correspondente a unha porta cocheira.
 - c) Os obrigados ó pagamento declarararán os elementos tributarios que utilicen, especificando as características dos mesmos e comunicarán calquera variación que deba repercutir na contía da tarifa así como, no caso de construción de rego autorizado, dar conta da data na que remata a construción.
 - d) A desaparición de regos será por conta do propietario quen deberá solicitar, previamente a oportuna autorización.

Artigo 4º. Normas de xestión.

1. A taxa regulada por esta Ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación nos supostos de primeira utilización ou aproveitamento polo que ó tempo da presentación da solicitude de licencia ou autorización do aproveitamento deberá acreditar ter ingresado na Tesourería Municipal o importe autoliquidado da utilización privativa ou o aproveitamento especial que se solicita.

A autoliquidación aboada non causará dereito algún e non faculta para a utilización ou aproveitamento que constitue o feito impositivo desta taxa, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licenza.

2. Na resolución da solicitude de concesión da licenza elevarase a definitiva a autoliquidación aboada por contía menor, igual ou superior a autoliquidada.
 - a) No caso de que a liquidación definitiva da taxa sexa de menor contía á autoliquidada, ou no caso de resolución desestimatoria da solicitude, na mesma resolución acordará a devolución polo importe indebidamente ingresado.
 - b) No caso de que a liquidación definitiva sexa superior farase efectivo o exceso dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria para as debidas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración.
3. Unha vez concedido o primeiro aproveitamento ou utilización da taxa xestionarase a través do padrón que pola Administración de Rentas se formará con inclusión de tódolos autorizados que non causasen baixa con anterioridade ó 1º de Xaneiro de cada exercicio.
4. Constitúense como obrigas tributarias formais para o suxeito pasivo as seguintes:
 - a) A retirada da Recadación Municipal da placa identificativa da autorización do aproveitamento ou autorización concedida, previo pago, en concepto de depósito, da cantidade de 14,00 euros, que será devolta no momento da devolución da placa en perfecto estado de conservación con ocasión da baixa. A non devolución ou devolución con desperfectos suporá a retención do depósito.
 - b) A conservación da placa identificativa da autorización, que seguirá sendo de titularidade municipal, e que deberá entregarse á baixa do aproveitamento na oficina de Recadación.
 - c) A declaración de baixa do aproveitamento ou utilización. Copia de tal baixa, debidamente dilixenciada acompañarase, no seu caso, á solicitude de devolución de ingresos indebidos por prorrateo de cotas nos termos establecidos no artigo 5º seguinte. Tal devolución non se acordará sen a aportación do xustificante do cumprimento da obriga tributaria formal referida na letra b) anterior. O impago de dúas cotas anuais no período voluntario determinará a baixa de oficio no padrón e no disfrute da reserva correspondente, sen perxuízo do seguemento para o cobro en vía executiva das cantidades pendentes de ingresar, nacendo a obriga de restitución da placa identificativa nas mesmas condicións que a baixa voluntaria.

Artigo 5º. Dereito a percibi-la taxa.

A taxa regulada por esta Ordenanza percibirase o 1 de Xaneiro de cada ano, coincidindo o período impositivo co ano natural, agás nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento ou utilización; neste caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia con prorrateo mensual de cotas.

Artigo 6º. Infraccións y defraudacións.

Cualifícase como infracción tributaria simple o incumprimento do deber de solicitar a autorización ou licencia con carácter previo á utilización privativa ou o aproveitamento especial, presumíndose dita utilización ou aproveitamento carente de autorización cando se instale calquera placa con referencia de “vado permanente” ou similar que non sexa expedida no departamento de Recadación Municipal. Igual cualificación terá o aproveitamento ou utilización superior á solicitada ou autorizada, ou o incumprimento das obrigas tributarias formais a que se refire o artigo 4º.4 desta Ordenanza. Tales infraccións sancionaranse cunha multa de 6,01 a 901,52 euros por cada infracción simple cometida. Cualifícase como infracción tributaria simple non poñer a disposición dos Servizos Técnicos ou da Policía Local o xustificante ou documento de autorización cando lle sexa requerido nas funcións de control, inspección e vixilancia.

Artigo 7º. Outras normas de aplicación

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión da utilización ou aproveitamento gravados segundo o disposto nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, con tres días hábiles de antelación, realizar o depósito previo da taxa e formular declaración na que conste a superficie afectada e as datas inicial e final de dita ocupación solicitada. No suposto de actuacións por emerxencia ou actuacións urxentes por motivos de seguridade ou salubridade pública deberá procederse a presentar a solicitude tan pronto como sexa posible, xunto con un plano estimado de superficie afectada e prazo estimado de ocupación. Unha vez realizadas as labores preventivas procederase á subsanación da solicitude e xiraranse as liquidacións complementarias que procedan. A notificación poderá retirarse persoalmente nas oficinas municipais ata o día hábil inmediato anterior á data declarada de inicio de ocupación, en caso contrario notificarase polo servizo de Correos.
2. Os servizos técnicos do Concello e a Policía Local comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións ou notificando as diferencias ou deficiencias observadas, non concedéndose neste último caso as autorizacións ata a súa subsanación e realizados os ingresos

complementarios que procedan. No suposto de detectarse ocupación máis aló da data final declarada, considerarase unha ocupación nova sen autorización.

3. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se teña aboado a taxa e se teña obtido a correspondente licencia polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia, sen perxuízo do pago da taxa e das sancións e recargos que procedan.
4. A ocupación autorizada non poderá obstaculizar o paso a espacios de uso común (xardíns, áreas peatonais, aparcamentos, accesos a garaxes, accesos a inmobles) ou o tránsito de vehículos e peóns salvo no que fora expresamente autorizado.
5. Deberán quedar libres para a súa inmediata utilización, se fose necesario, os elementos de servizos públicos tales como bocas de rego, rexistros de sumidoiros, saídas de emerxencia, arquetas de rexistro de servizos e análogos, así como o mobiliario urbán de uso e servizos, salvo que expresamente se autorizara o contrario e baixo o estrictamente autorizado.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada definitivamente no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos seus artigos 3, 6 e 7 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada definitivamente no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011